

---

MANUAIS PRÁCTICOS DE XESTIÓN

---

# Cadernos do Autónomo

---

Fiscalidade

---





---

# Fiscalidade

---

Dirección, coordinación e  
supervisión técnica

**C.E.E.I. GALICIA, S.A.**

**AUTOR** Analiza – Técnicas de Investigación Social S.A.

**COLABORADOR** Ana Núñez González

**EDITA** C.E.E.I. GALICIA, S.A.

(c) da edición: C.E.E.I. GALICIA, S.A.

**D.L**

**DESEÑO E MAQUETACIÓN** Analiza – Técnicas de Investigación Social S.A.

Producciones Khartum S.L.

**IMPRIME**

Santiago de Compostela, C.E.E.I. GALICIA, S.A. 2009

*Quedan rigorosamente prohibidas, sen a autorización escrita dos titulares do "Copyright", baixo as sancións establecidas nas leis, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, incluídas a reprografía e o tratamento informático e a distribución de exemplares dela mediante aluguer ou préstamos públicos.*

# ÍNDICE

<b>0. INTRODUCCIÓN</b>	<b>5</b>
0.1 Obxectivo do caderno	7
0.2 A importancia do cumprimento das obrigas fiscais	7
<b>1. ELEMENTOS DUN IMPOSTO</b>	<b>9</b>
<b>2. O IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS (IRPF)</b>	<b>13</b>
2.1 Elementos do IRPF	15
2.2 Tributación dos rendementos de actividades económicas no IRPF	17
2.3 Pagos a conta e retencións polo IRPF	27
2.4 Liquidación do IRPF	28
2.5 Exemplo de cálculo do rendimento das actividades económicas	31
<b>3. O IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (IVE)</b>	<b>35</b>
3.1 Elementos do IVE	37
3.2 Funcionamento do IVE	40
3.3 Réximes Especiais do IVE	46
3.4 Obrigas formais do IVE	50
3.5 Exemplo do cálculo do IVE no Réxime Simplificado	52
<b>4. O IMPOSTO SOBRE TRANSMISIÓNS PATRIMONIAIS E ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS (ITPAXD)</b>	<b>57</b>
<b>5. O IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)</b>	<b>61</b>
<b>6. CALENDARIO FISCAL</b>	<b>65</b>



## 0. Introducción







## 0.1 Obxectivo do caderno

Cando se desenvolve unha actividade por conta propia é de capital importancia coñecer as obrigas que existen en materia tributaria xa que existe a obriga de cumprilas en forma e prazo. No presente manual preténdese dar unha visión global da fiscalidade á que está suxeita unha persoa física que se constitúe coma autónomo/a.

No caderno abórdanse os impostos que afectan ao colectivo autónomo no desenvolvemento da súa actividade, facendo especial fincapé nas dúas obriga fiscais máis importantes para este colectivo: O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e o Imposto sobre o Valor Engadido.

## 0.2 A importancia do cumprimento das obrigas fiscais

As sancións económicas que se poden derivar de non cumprir as obrigas en materia tributaria poden chegar a ser moi cuantiosas polo que se debe ser coidadoso á hora de abordalas. Aínda que estar ao corrente de todas as obrigas en materia tributaria é complexo, xa que son moi numerosas (IRPF, IVE, retencións, pagos a conta...) é conveniente intentalo xa que nos pode reportar beneficios, tales coma:

7

- Non incorrer en sancións innecesarias.
- Aforrar cartos aplicando as reducións e deducións previstas na lei.
- Evitar problemas á hora de solicitar subvencións e axudas.
- Anticipar a falta de liquidez derivada dos pagos das obrigas tributarias.



# 1. Elementos dun Imposto





# 1.

## Elementos dun Imposto

Cando se constitúe unha actividade empresarial, sexa baixo a forma que sexa, débese facer fronte a determinadas obrigas en materia tributaria. Estas obrigas variarán dependendo da forma xurídica elixida, no caso do empresariado autónomo as máis importantes son:

- Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas
- Imposto sobre o Valor Engadido

A maioría dos impostos están formados por uns elementos similares, se ben, débese puntualizar que o contido específico destes variará en función do imposto que se estea a tratar, como se verá en epígrafes posteriores.


Os elementos máis importantes que conforman un imposto son:

- **Obrigado tributario:** é sobre o que recae a obriga tributaria, o que soporta a carga impositiva.
- **Suxeito Pasivo:** é a persoa física ou xurídica sobre a que recae a obriga de pago, esta obrigada ou non a asumir a carga impositiva, é dicir, a que ten que ingresar o imposto no fisco. Normalmente coinciden obrigado tributario e contribuínte pero existen casos coma o IVE onde isto non sucede.
- **Feito Impoñible:** é aquel suceso que, cando se produce, dá lugar ao nacemento da obriga tributaria. Neste sentido poden darse tres situacións:
  - **Suxeición:** cando o feito producido cae dentro da esfera do tributo existe a obriga de pagar o imposto
  - **Non Suxeición:** a lei de cada imposto determina as actividades que non están suxeitas. Cando unha actividade está catalogada como non suxeita entenderase que non se realiza o feito imponible e, polo tanto, que non haberá que pagar o imposto.
  - **Exención:** na exención se se realiza o feito imponible e, polo tanto, habería que aboar o imposto pero existe unha norma, dentro da lei do tributo, que exime do pago.
- **Devengo:** momento no cal o imposto resulta esixible, normalmente coincide coa realización do feito imponible.

- **Base Imponible:** é a cuantificación económica do feito imponible, normalmente expresada en euros, aínda que se pode expresar noutras unidades. A partir desta base calcularase o que se terá que ingresar no fisco.
- **Base liquidable:** resulta de aplicar sobre a base imponible unha serie de reducións que se recollen na lei que regula cada imposto.
- **Tipo de gravame ou tipo impositivo:** é a porcentaxe que se terá que aplicar á base liquidable para obter a cota tributaria.
- **Cota íntegra:** é o resultado de aplicar o tipo impositivo sobre a base liquidable.
- **Deduccións:** son reducións que a lei establece para aplicar especificamente sobre a cota íntegra.
- **Cota Líquida:** é a resultante de restar da cota íntegra as deduccións ás que o suxeito pasivo ten dereito. A cota líquida sería a cantidade que se tería que aboar en concepto do pago do imposto.
- **Cota a ingresar:** o sistema tributario español contempla retencións e pagos a conta que se realizan en concepto dos diversos impostos antes de que estes resulten esixibles, é dicir, son pagos do imposto con anterioridade ao devengo. Estes pagos, como xa están feitos, débense restar da cota líquida obtendo así a cota a ingresar.
- **Débeda tributaria:** é o importe que finalmente se deberá ingresar; coincidirá coa cota a ingresar dependendo de se existen ou non recargos ou sancións.

12

No seguinte cadro relaciónanse todos os elementos comentados neste epígrafe:



## **2. O Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas (IRPF)**







## 2.

# O Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)

*A que tipo tributan os rendementos que obteño da miña actividade?*

O empresariado autónomo realiza a súa actividade económica como persoa física, polo que unha das principais obrigas en materia impositiva ás que ten que facer fronte é o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. Reflectirase neste epígrafe, polo tanto, a tributación do beneficio empresarial así como as consecuencias económicas que se derivan da suxeición a este imposto.

## 2.1 Elementos do IRPF

*Que é o IRPF?*

*Que fontes de renda constitúen a base imponible?*

15

O IRPF é un imposto persoal e directo que grava a obtención de renda polas persoas físicas que, durante o ano natural, tiveron a súa residencia habitual<sup>1</sup> no territorio español tendo en conta as súas circunstancias familiares e persoais. A efectos deste imposto teñen a consideración de renda:

- Rendementos do traballo
- Rendementos do capital
- **Rendementos de actividades económicas**
- Ganancias e perdas patrimoniais
- Imputacións de rendas establecidas na lei

<sup>1</sup> O concepto de habitualidade na residencia, mídese en base a dous supostos: a permanencia no territorio español e o lugar de realización das actividades xeradoras de renda. Neste sentido se o contribuínte permanece máis de 183 días en territorio español é, a todos os efectos, contribuínte polo IRPF. No tocante ao lugar de realización das actividades xeradoras de renda, considerarase que o contribuínte ten a súa residencia habitual no territorio español cando o núcleo principal ou a base da súa actividade ou intereses económicos está situado en España

Aínda que, como se comentou, o feito impositivo deste imposto é a obtención de renda, existen rendas non suxeitas ou exentas ao imposto. No artigo 7 da lei sobre o IRPF recóllense as rendas que están exentas. A modo de exemplo pódense citar algunhas das máis significativas para o autónomo:

#### **RENDAS EXENTAS**

Indemnización por despido ou cese do traballador na contía establecida como obrigatoria no Estatuto dos traballadores

As prestacións por desemprego percibidas na modalidade de pago único co límite de 10.020 €

As prestacións recoñecidas ao contribuínte pola Seguridade Social ou pola entidade que a substitúa, como consecuencia da incapacidade permanente absoluta ou invalidez

#### **RENDAS NON SUJEITAS**

As rendas que se atopen suxeitas ao Imposto sobre Sucesións e Doazóns

A parte das ganancias patrimoniais xeradas con anterioridade ao 20 de xaneiro de 2006

As perdas patrimoniais que non poden computarse como tales:

- » As non xustificadas
- » As debidas ao consumo
- » As debidas a perdas no xogo

## 2.2 Tributación dos rendementos de actividades económicas no IRPF

*Que métodos existen para declarar os rendementos da miña actividade?*

*Cal é o que máis me convén?*

Cando unha persoa física realiza unha actividade económica e obtén un beneficio por iso, este beneficio tributará no IRPF e, de feito, constitúe unha categoría de renda independente dentro do imposto.

A efectos do imposto considérase que existe unha actividade económica e, porén, a obriga de tributar cando concorren dous feitos diferenciais:

- A organización por conta propia de medios de produción, distribución ou recursos humanos.
- A finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos.

A este efecto, existen dous métodos para estimar os beneficios das actividades económicas:

- **Estimación directa**, que á súa vez se divide en:
  - » **Estimación directa normal**
  - » **Estimación directa simplificada**
- **Estimación obxectiva**.

17

A continuación expoñeranse os requisitos necesarios para acollerse a cada unha delas e as implicacións que ten cada método de estimación.

## **2.2.1 Estimación directa**

A estimación directa é a forma xeral de calcular o rendemento das actividades económicas. Este método baséase na información derivada das declaracións presentadas polo contribuínte e nos rexistros contables que a lei obriga a levar.

Na estimación directa existen dúas modalidades, a *estimación directa normal* e a *estimación directa simplificada*. A diferenza entre estes dous métodos, como se verá a continuación, radica basicamente en dous puntos: o tratamento das amortizacións e as obrigas de rexistro que ten que levar o autónomo.

### **Estimación directa normal**

Das modalidades de cálculo do rendemento das actividades económicas esta é a máis complexa de todas e o seu cálculo partirá da contabilidade do autónomo.

Estarán obrigados a acollerse a ela os autónomos que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

- Que a súa cifra de negocio, no ano anterior, supere os 600.000 €
- Que se renuncie á modalidade simplificada. Unha vez se renuncia á modalidade simplificada o empresario deberá permanecer un mínimo de tres anos na modalidade normal

18


Con referencia ás obrigas de rexistro vinculadas a este método de estimación, pódense diferenciar:

- Actividades mercantís<sup>2</sup>. As actividades así catalogadas deberán levar unha contabilidade axustada ao código de comercio.
- Actividades non mercantís. Deberán levar libros cos rexistros de vendas e ingresos, compras e gastos e bens de investimentos.
- Actividades profesionais<sup>3</sup>. Aparte das obrigas contidas no punto anterior deben levar un libro de rexistro de fondos e suplidos.

<sup>2</sup> Terán consideración de mercantís todas as actividades agás as agrícolas, gandeiras e as actividades artesás, sempre que a venda dos produtos se realice no taller, e as reflectidas no artigo 326 do Código de Comercio.

<sup>3</sup> Son rendementos profesionais os que se deriven do exercicio de actividades recollidas na sección segunda e terceira das Tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).

Para determinar o rendemento neto da actividade, aos ingresos íntegros restaráselles os gastos deducibles fiscalmente. A este resultado restarase as reducións por rendementos con períodos de xeración superiores a dous anos e os obtidos de forma irregular no tempo, obtendo así o rendemento neto da actividade. A continuación expónse un esquema cos pasos a seguir para determinar o rendemento neto da actividade por este método:



### Estimación directa simplificada

- Que a súa actividade non se poida acoller á estimación obxectiva
- Que renunciara ou estean excluídos da estimación obxectiva


Poderán tributar por este método aqueles que cumpran un dos seguintes requisitos, sempre e cando a súa cifra de negocios, no período anterior, non supere os 600.000 €:

As amortizacións realizaranse, neste método, de forma lineal en función da seguinte táboa de amortizacións publicada pola administración, facendo moito máis sinxelo todo o cálculo:

DESCRICIÓN	COEFICIENTE MÁXIMO	PERÍODO MÁXIMO (ANOS)
Edifícios e construcións	3%	68
Inmobilizado material	10%	20
Maquinaria	12%	18
Elementos de transporte	16%	14
Equipos informáticos e programas	26%	10
Útiles e ferramentas	30%	8
Gando	16%	14
Gando equino e froiteiras non cítricas	8%	25
Froiteiras cítricas e viñedos	4%	50
Oliveiral	2%	100

O cálculo do rendemento neto é moi similar ao da estimación directa normal. Para calculalo restaranse aos ingresos íntegros os gastos deducibles e as amortizacións segundo as táboas, obtendo así a diferenza; se é positiva, poderase restarlle un 5% desta diferenza (10% para as actividades agrícolas), en concepto de gastos de difícil xustificación. Este resultado tan só resta minoralo en función dos rendementos con período de xeración superior a dous anos ou notoriamente irregulares. Este proceso pode verse dunha maneira máis gráfica no seguinte esquema:

20



## Elementos a ter en conta na determinación do rendemento neto en estimación directa

Neste epígrafe comentaranse os elementos que entran en xogo no cálculo do rendemento neto. Os elementos que aparecen aquí son comúns aos dous tipos de estimación.

### • Ingresos Íntegros

Son os ingresos derivados da realización da nosa actividade. Forman parte destes os derivados da venda de bens e da prestación de servizos, os derivados das subvencións, tanto correntes como de capital, que nos conceda a Administración Pública e o autoconsumo.

O IVE devengado non deberá incluírse como ingreso, agás cando non haxa que incluír estas cotas na declaración-liquidación do imposto sobre o IVE, como sucede, por exemplo, no réxime especial do recargo de equivalencia ou no da agricultura.

Por exemplo, se se cobran 116 euros por un traballo (IVE incluído do 16%) os nosos ingresos íntegros serán 100 €.

Adiantar os gastos e atrasar os ingresos pode aliviar a carga impositiva. Cantos máis gastos e menos ingresos coincidan no período impositivo, menor será a cantidade que teñamos que aboar en relación co rendemento da nosa actividade económica.

21

### • Gastos Deducibles

Son gastos necesarios para o desenvolvemento da actividade. Para ser considerados como tales deben: estar vinculados á actividade e estar xustificadas e rexistradas na contabilidade. A título de exemplo pódense citar os seguintes:

- » Consumos de explotación.
- » Soldos e salarios.
- » Seguridade social a cargo da empresa.
- » Contribucións a plans de pensións.
- » Arrendamentos.
- » Gastos de reparación.
- » Servizos de profesionais independentes (notaría, avogacía...).

- » Tributos fiscalmente deducibles (IAE, IBI..).
- » Amortizacións.
- » IVE soportado que non sexa deducible nas declaracións-liquidacións do IVE, por exemplo en actividades suxeitas aos réximes especiais do IVE tales como o recargo de equivalencia ou da agricultura e gandería.

Neste apartado é moi importante resaltar que, para que un gasto que se asocia a un determinado ben sexa deducible, o ben debe estar afecto á actividade empresarial, polo que é importante ter claros os criterios de afectación. A efectos do IRPF, os criterios de afectación, son os seguintes:

- » *Teñen que ser bens e dereitos necesarios para o desenvolvemento da actividade.*
- » *Os elementos teñen que empregarse exclusivamente para os fins da actividade, a non ser que a utilización destes para fins privados se realice de xeito notoriamente irregular, é dicir, en días ou horas inhábiles nas cales non se realice a actividade.*

Esta excepción **non é aplicable** aos turismos e aos seus remolques, a non ser que os vehículos se encadren na seguintes categorías :

- *Vehículos mixtos destinados ao transporte de mercadorías*
- *Vehículos destinados á prestación de servizos de transporte de viaxeiros*
- *Vehículos destinados á ensinanza de condutores*
- *Os destinados ao desprazamento profesional dos representantes de comercio*

- » *Pode darse unha afectación parcial dun determinado ben. Se o ben só serve parcialmente ao obxecto da actividade, a afectación limitarase, tan só, a esa parte.*
- » En caso de matrimonio, a afectación á actividade está condicionada a que a propiedade do ben sexa do cónxuxe que realiza a actividade ou que o ben sexa ganancial.



- **Rendementos obtidos de forma notoriamente irregular**

Terán esta consideración:

- » As subvencións de capital para a adquisición de elementos do inmovilizado non amortizables.
- » As indemnizacións e axudas polo cese da actividade.
- » As indemnizacións percibidas en substitución de dereitos económicos de duración indefinida.

- **Incentivos fiscais aplicables a empresas de reducida dimensión<sup>4</sup>**

As empresas sometidas ao método de estimación directa en calquera das súas modalidades poden acollerse aos seguintes incentivos fiscais:

- » Liberdade de amortización para investimentos xeradores de emprego.

A liberdade de amortización implica que podemos amortizar o valor do investimento nun só período impositivo e deducilo así integramente do rendemento neto da actividade, aforrando impostos.

- » Liberdade de amortización para investimentos de escaso valor .

23

Poderanse amortizar libremente os bens de escaso valor, é dicir, os bens cuxo prezo unitario non supere os 601,01 €, co límite de 12.020,24 € por período impositivo.

- » Amortización acelerada de elementos do inmovilizado material e do inmovilizado inmaterial.
- » Dotación dunha provisión global por posibles insolvencias de debedores .
- » Ampliación do límite para a deducibilidade das cotas satisfeitas nos contratos de leasing.
- » Dedución para o fomento do uso das novas tecnoloxías da información .

<sup>4</sup> Terán esta consideración as empresas que no período tivesen unha cifra neta de negocio inferior a 8 millóns de euros..

• **Redución para traballadores e traballadoras autónomos economicamente dependentes**

Aquelas persoas que traballen por conta propia que realicen a súa actividade para un único cliente, poderán aplicar reducións similares ás que se aplican os traballadores por conta allea. Para iso deben cumprir:

- » Estar no método de estimación directa. Se se atopa en estimación directa simplificada esta redución non será compatible coa do 5% en concepto de gastos de difícil xustificación, polo que haberá que analizar cal é máis vantaxosa.
- » Que o traballo se realice para unha persoa, física ou xurídica non vinculada.
- » O conxunto dos gastos deducibles do contribuínte non pode exceder o 30% dos rendementos declarados.
- » Que non teña percepcións en concepto de rendementos do traballo. Neste sentido, as prestacións por desemprego non terán esta consideración sempre que non superen os 4.000 €.
- » Que polo menos estea suxeito a retención ou ingreso a conta o 70 % dos ingresos do período.
- » Que non se realice a actividade económica a través dunha entidade en réxime de atribución de rendas.

As contías das reducións serán as seguintes:

24

RENDEMENTO NETO DA ACTIVIDADE	OUTRAS RENDAS	IMPORTE DA REDUCIÓN
0-9180 €	0 – 6.500 €	4.080 €
	Máis de 6.500 €	2.652 €
9.180,01- 13.260 €	0 – 6.500 €	4.080 – [(0,35x (RN- 9.180))]
	Máis de 6.500 €	2.652 €
Maíor de 13.260€	Calquera importe	2.652 €

## 2.2.2 Estimación obxectiva

Mediante este método a estimación do rendemento da actividade faise en base a uns **coeficientes e datos obxectivos**<sup>6</sup>, que fan referencia a aspectos da actividade empresarial. Por exemplo contémpanse os kW de electricidade consumidos, os metros cadrados de superficie do local, etc. Para poder acollerse a este método, o máis sinxelo de todos, deberase cumprir que :

- A actividade estea regulada pola orde ministerial EHA/804/2007.
- Os rendementos íntegros non superen os 450.000 € (300.000 para actividades gandeiras e agrícolas).
- O volume de compras anuais non supere os 300.000 €.
- Non se renunciara expresamente á estimación obxectiva.


Este método é o que menos obriga de rexistro presenta: tan só obriga á levanza do libro de rexistro de bens de investimento, se se practican amortizacións, e do libro de rexistro de vendas e ingresos, se o rendemento neto da actividade se practica en función do volume de operacións (actividade agrícolas e gandeiras).

*Se se decide por este método debe ter en conta un factor moi importante, que é que o método de estimación obxectiva vai ligado ao réxime simplificado do IVE, é dicir, que unha actividade que tribute no IRPF en estimación obxectiva deberao facer no IVE no réxime simplificado, no de recargo de equivalencia ou no da agricultura e gandería. Neste sentido, a renuncia a calquera destes réximes do IVE supón a renuncia á estimación obxectiva no IRPF e viceversa.*

25

A determinación do rendemento neto obtémolo de aplicar os módulos recollidos na orde e as correspondentes minoracións e índices correctores. No seguinte esquema pódese ver o desenvolvemento do proceso dun xeito secuencial.

<sup>6</sup> Estes coeficientes son publicados anualmente mediante unha orde ministerial; poden consultarse na propia orde ou no manual de renda que publica a AEAT.



Á hora de escoller o método de estimación un dos factores importantes a ter en conta é a **facturación**. En estimación obxectiva pagaremos unha contía fixa independentemente que a facturación sexa baixa ou elevada, mentres que en estimación directa pagaremos en función da facturación. Á vista disto, cunha facturación elevada deberiamos decantarnos pola estimación obxectiva; pola contra, no inicio da actividade, como os ingresos adoitan ser reducidos e os gastos considerables, a estimación directa pode resultar máis beneficiosa. Débese facer unha simulación, é dicir, realizar os cálculos por ambas modalidades e escoller a máis vantaxosa.

## 2.3 Pagos a conta e retencións polo IRPF

*Que porcentaxe teño que reter?*

*Varía a contía da retención segundo o réxime de estimación?*

### **2.3.1 Pagos a conta**

Os autónomos estarán obrigados a realizar pagos a conta en concepto do pago do IRPF. A contía deste pago a conta dependerá tanto do método de estimación do rendemento da actividade, como da natureza da mesma. Atendendo a isto pódese facer a seguinte estruturación:

- **Estimación directa normal e directa simplificada.**

A súa contía será:

- » 20% do rendemento neto, para actividades empresariais e profesionais.
- » 2% do volume dos ingresos do trimestre, para as actividades agrícolas gandeiras, forestais e pesqueiras.

- **Estimación obxectiva.**

A súa contía será:

- » Para as actividades profesionais, por norma xeral será o 4% do rendemento resultante da aplicación dos módulos en función dos datos existentes ao comezo do ano. Se a actividade conta tan só cunha persoa asalariada, a porcentaxe será do 3%, e se non conta con ningún quedará nun 2%.
- » Para as actividades agrícolas, gandeiras e forestais será o 2% do volume dos ingresos do trimestre.

27

### **2.3.2 Retencións**

No transcurso da actividade empresarial teranse que realizar pagos a terceiras persoas polos servizos prestados, xa sexan traballadores por conta allea que se teñan contratados ou profesionais independentes. Todos estes pagos que se realicen levan asociada unha retención que o empresario deberá efectuar. Dependendo do tipo de rendemento, pódese facer a seguinte clasificación:

- » Retribucións a profesionais. O importe da retención será o 15% sobre a retribución íntegra.

- » Actividades agrícolas e gandeiras. A retención será do 2% do rendemento procedente destas actividades ( o 1% se as actividades son de engorde porcino ou cría de aves).
- » Actividades forestais. Reterase o 2% do ingreso íntegro.
- » Actividades económicas que estean en estimación obxectiva e dadas de alta nos epígrafes do IAE que contempla o regulamento do IRPF, a retención será do 1%.

Débase puntualizar que as retencións aboaranse trimestralmente. O prazo será entre o día 1 e o 20 dos meses de abril, xullo, outubro e, para a do cuarto trimestre, xaneiro do ano seguinte. Ademais é necesario presentar anualmente un resumo das retencións e ingresos a conta efectuados.

## 2.4 Liquidación do IRPF

No IRPF existen dúas bases impositivas: a base impositiva xeral e a do aforro, nas cales distribuiranse os distintos tipos de renda que obteña o suxeito pasivo, quedando a distribución como segue:

- **Base impositiva xeral**, que comprenderá:

- » Os rendementos do traballo.
- » Os rendementos das actividades económicas.
- » As ganancias e perdas patrimoniais que non se deriven da transmisión de elementos patrimoniais.
- » As imputacións de renda establecidas na lei.

- **Base impositiva do aforro**, que comprenderá

- » As ganancias e perdas patrimoniais que se deriven da transmisión de elementos patrimoniais.
- » Rendementos do capital.

Para obter a **base liquidable xeral** débese minorar a base impositiva xeral nas reducións establecidas na lei, tales como as reducións por tributación conxunta ou reducións por achegas a sistemas de previsión social (aplicacións de renda). Estas reducións terán o límite da propia base impositiva, non podendo ser a base liquidable xeral negativa. O remanente non aplicado das reducións poderase minorar da base impositiva do aforro para obter así a base **liquidable do aforro**; claro está que, de non existir remanente, a base impositiva do aforro será igual á base liquidable.

As **reducións** minoran a base imponible, sobre a cal se aplicará o tipo de gravame, canto menor sexa esta menor será o que haxa que ingresar no fisco. Algunha das reducións que contempla a lei son:

- **Redución por tributación conxunta:** se a declaración se realiza conxuntamente, a base reducirase en 3.400 €. É recomendable facer unha simulación para ver se compensa ou non declarar de forma conxunta.
- **Reducións por achegas a sistemas de previsión social:** Por exemplo se contratamos un plan de pensións podemos reducir as achegas que realicemos cun máximo de 10.000 € (12.000 € para maiores de 50 anos).

É importante coñecer as reducións que se poden aplicar, deste xeito podemos planificar os gastos neses conceptos para minorar a nosa carga impositiva.

Sobre cada base liquidable aplícanse dous tipos de gravame: un correspondente á escala estatal e outro autonómico, derivado da cesión de parte do imposto ás comunidades autónomas, que agora teñen capacidade para fixar o seu propio tipo.

Para a Comunidade Autónoma de Galicia os tipos de gravame son os seguintes.

## Gravame da Base imponible xeral

### Escala estatal

BASE LIQUIDABLE ATA €	COTA ÍNTEGRA €	RESTO DA BASE ATA €	TIPO APLICABLE
0	0	17.707,20	15,66%
17.707,20	2.772,95	15.300,00	18,27%
33.007,20	5.568,26	20.400,00	24,14%
53.407,20	10.492,82	En diante	27,13%

## Escala autonómica

BASE LIQUIDABLE ATA €	COTA ÍNTEGRA €	RESTO DA BASE ATA €	TIPO APLICABLE
0	0,00	17.707,20	8,34 %
17.707,20	1.476,78	15.300,00	9,73 %
33.007,20	2.965,47	20.400,00	12,86 %
53.407,20	5.588,91	En diante	15,87 %

## Gravame da Base imponible do aforro

A base liquidable do aforro gravarase cos seguintes tipos:

- » Gravame estatal: 11,1%
- » Gravame autonómico: 6,9%

Unha vez aplicado o tipo de gravame sobre a base liquidable obtemos a Cota íntegra. Sobre esta cota aplicaranse as deducións que contempla a lei para obter a contía que se deberá pagar polo IRPF.

30

As deducións aplícanse directamente sobre a cota íntegra, é dicir, sobre o que teríamos que ingresar. No IRPF recóllense, entre outras, as seguintes:

- Deducción por investimento en vivenda habitual. Se compras unha vivenda habitual ou amplías a túa terás dereito a unha deducción.
- Deduccións por incentivos e estímulos á actividade empresarial. Será deducible, por exemplo, parte do custo da conexión á internet, do desenvolvemento dunha páxina web para promoverse, da adquisición de software... Estas deduccións son iguais ás que se poden aplicar as sociedades mercantís e poden consultarse nos artigos 35 a 44 da Lei Sobre o Imposto de Sociedades.

Débese ter en conta que as Comunidades Autónomas poden establecer as súas propias deducións, polo que é importante estar ao corrente, xa non só das deducións estatais, senón tamén das autonómicas.



O Ministerio de Economía establecerá a forma e prazo da presentación da declaración, que normalmente irá desde o primeiro día laborable de maio ate o último día laborable de xuño. A declaración hai que presentala na Delegación ou Administración da Axencia Tributaria onde o contribuínte teña o seu domicilio fiscal, nas oficinas de bancos ou caixas de aforros, ou ben, pola Internet, na páxina da Axencia Tributaria ([www.aeat.es](http://www.aeat.es)).

O ingreso poderá fraccionarse en dous prazos, sen recargas nin xuros:

- Ao presentar a declaración ingresarase o 60% da débeda.
- O 40% restante ingresarase no prazo regulamentario<sup>7</sup>.

Se a declaración é negativa (a devolver) hai que ter en conta que a devolución non é automática. Deberase cumprimentar o “Documento de Ingreso ou Devolución” que se acompaña cos impresos da declaración. A administración dispón de seis meses para devolver, contados a partir do final do prazo de presentación.

## 2.5 Exemplo de cálculo do rendemento das actividades económicas

31

**NÚMERO 1.-** Un empresario individual, acolleuse ao sistema de estimación directa e tivo, no 1º trimestre do exercicio 2008, uns ingresos pola súa actividade de 100.000,00 euros, uns gastos totais de 70.000,00 euros e retencións por valor de 1.200,00 euros.

No segundo trimestre os ingresos foron 130.000,00 euros, os gastos totais ascenderon a 80.000,00 euros e as retencións a 1.200,00 euros.

Resolveremos primeiro o 1º Trimestre e logo o 2º Trimestre, para que se vexa con claridade que os pagos fraccionados do IRPF son acumulativos.

<sup>7</sup> Este prazo será delimitado pola AEAT para cada período impositivo.

## SOLUCIÓN

### 1º TRIMESTRE:

INGRESOS	100.000,00
<u>GASTOS</u>	<u>70.000,00</u>
RDO. NETO	30.000,00
20% RDO. NETO	6.000,00
<u>- RETENCIONES</u>	<u>1.200,00</u>
PAGO FRACCIÓN.	4.800,00 euros

### 2º TRIMESTRE:

INGRESOS	230.000,00
<u>GASTOS</u>	<u>150.000,00</u>
RDO. NETO	80.000,00
20% RDO. NETO	16.000,00
- RETENCIONES	2.400,00
<u>- PAGOS FRACCIÓN.</u>	<u>4.800,00</u>
PAGO FRAC. 2º T	8.800,00 euros

32

**NÚMERO 2.-** Un empresario individual, acollido ao réxime de estimación obxectiva, exerce a actividade de comercio polo miúdo de mobles (epígrafe IAE 653.1), ten 2 empregados a tempo total, o seu local ten unha superficie de 200 m<sup>2</sup> e ten un consumo de enerxía eléctrica de 22.100 kw/h.

### DATOS A TER EN CONTA:

Para substituír as mesas e cadeiras do establecemento o titular merca 3 mesas e 3 cadeiras cuxo prezo foi 1.371,01 €, non superando o prezo unitario de cada peza os 600,01 €

Inmovilizado afecto á actividade:

ELEMENTO	COMEZO UTILIZACIÓN	VALOR DE ADQUISICIÓN	AMORTIZACIÓN A 31/12 2006
Furgoneta	1/1/2005	30.000	7500
mobiliario	1/1/2004	20.000	10.000

O número de persoas empregadas non variou nos 2 últimos anos.

Os módulos aprobados polo Ministerio de Facenda, para o exercicio 2007, son os seguintes:

MÓDULO	EUROS/UNIDADE
Persoal asalariado	4.075,20
Persoal non asalariado	16.200,02
Consumo enerxía	50,39
Superficie local	16,38
Contía a efectos do índice corrector de exceso: 30.718,31 €	

#### PÍDESE:

Calcular o rendemento neto reducido da actividade do período

A contía dos pagos a conta que deberá ingresar no período seguinte

#### SOLUCIÓN:

33

MÓDULO	UNIDADES	EUROS/UNIDADE	TOTAL
Persoal asalariado	2	4.075,20	8.150,40
Persoal non asalariado	1	16.200,02	16.200,02
Consumo enerxía	22.100 Kw/h	50,39	11.136,19
Superficie local	200 m <sup>2</sup>	16,38	3.276,00
<b>Rendemento neto Previo</b>			<b>38.762,61</b>

#### » Minoración por incentivos ao investimento:

Como comentamos, os incentivos ao investimento permiten deducir do rendemento neto previo o importe correspondente á depreciación efectiva do inmovilizado. O importe desta depreciación determínase empregando a táboa de amortización da Orde Ministerial correspondente a cada período. Para o ano 2007 temos:

GRUPO	DESCRIPCIÓN	COEFICIENTE LINEAL MÁXIMO	PERÍODO MÁXIMO
1	Edificios e outras construcións	5%	40 anos
2	Útiles e ferramentas	40%	5 anos
3	Batea	10 %	12 anos
4	Barco	10 %	25 anos
5	Elementos de transporte e Inmobilizado material	25 %	8 anos
6	Inmobilizado inmaterial	15 %	10 anos

» Cálculo da minoración:

ELEMENTO	VALOR DE ADQUISICIÓN	COEFICIENTE	PERÍODO AMORTIZABLE	
Furgoneta	25.000	25%	Todo o ano	6250
mobiliario	2.000	25%	Todo o ano	500
Cadeiras e mesas	1.371,01	Liberdade de amortización	Non se aplica	1.371,01
<b>Minoración por incentivos ao Investimento</b>				<b>8121,01</b>

34

» Calculo de rendemento neto

<b>Rendemento Neto Previo</b>	38.762,61
<b>Minoración por incentivos ao investimento</b>	<b>- 8.121,01</b>
<b>Rendemento Neto Minorado</b>	30.641,60

Como o Rendemento Neto Previo non supera os 30.718,31 € non hai que aplicar os índices correctores de exceso. Ademais como non existen, nin gastos excepcionais, nin percepcións extraordinarias, nin rendementos irregulares, o rendemento neto minorado coincide co rendemento neto de módulos e co rendemento reducido da actividade.

» Contía dos pagos a conta:

A porcentaxe que se utiliza para calcular os pagos fraccionados, varía do 2% ao 4% en función de que teña ou non persoal asalariado. Como se viu ao longo do capítulo esta porcentaxe aplicarase sobre o rendemento neto de módulos. Neste caso aplicarase o 4%

$$\text{Pago a conta} = 30.641,60 \times 4\% = 1225,6$$

### **3. O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)**





### 3.

## O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)

*É certo que o IVE non o paga á empresa?*

Ao contrario que o Imposto sobre a Renda, o Imposto sobre o Valor Engadido é un imposto indirecto e obxectivo: grava a capacidade de pago que se manifesta e non ten en conta, en ningún momento, as circunstancias persoais do contribuínte. É importante lembrar que o IVE é un imposto que non supón un custo para o empresario, xa que Facenda devólvenos o IVE que soportamos; pero tampouco é un ingreso, xa que as cantidades cobradas no seu concepto deben ingresarse no Tesouro. A gran problemática do IVE é que o devengo do imposto pode producirse antes de que a empresa o cobre, por exemplo, cando se teñen períodos de cobro moi longos. Isto pode dar lugar a que se teña que ingresar un IVE que aínda non se cobrou, xerando tensións de tesouraría por non ter liquidez suficiente para facer fronte aos pagos. Neste sentido, é importante ter unha boa xestión de tesouraría.

### 3.1 Elementos do IVE

37

*Que é unha operación intracomunitaria?*

*Cal é a base imponible do IVE?*

#### Feito Impoñible

O feito imponible, cuxa realización dá lugar á obriga de tributar, podémolo dividir nas seguintes operacións:

- Entregas de bens ou servizos por profesionais ou empresarios no desenvolvemento da súa actividade.
- Adquisicións intracomunitarias de bens. Con “operación intracomunitaria” faise referencia a operacións de compra que se realizan con persoas situadas en países comunitarios.
- Importacións de bens realizadas por particulares ou empresarios.

Hai que ter en conta que para que unha operación estea suxeita ao IVE debe realizarse no ámbito espacial de aplicación do imposto. A efectos do IVE considérase como territorio español a Península e as Illas Baleares, xa que as Illas Canarias, Ceuta e Melilla teñen os seus propios substitutos ao IVE.

## Devengo

O devengo é o momento no que se produce o feito imponible e, polo tanto, cando nace a obriga, no caso do IVE, de repercutir e ingresar o imposto. Como o feito imponible do IVE está constituído por varios tipos de operacións, o momento no que se devenga pode ser distinto dependendo de que operación se realice. Nunha entrega de bens dentro do territorio ou intracomunitaria o devengo prodúcese cando estes se poñan a disposición da persoa que os mercou; nunha prestación de servizos, cando se entendan efectivamente realizados, e no caso das importacións, o devengo prodúcese cando teña lugar o devengo dos dereitos de importación, de acordo coa lexislación aduaneira.

Ao igual que noutros impostos, no IVE existen operacións que, pola súa natureza, están exentas do pago do imposto. A modo de exemplo pódense citar:

- Exencións en operacións médicas e sanitarias
- Exencións relativas a actividades educativas
- Exencións sociais, culturais e deportivas
- Exención nas explotacións de bens
- Exención nas entregas de bens a outro Estado membro da Unión Europea

38

## Base Imponible

Por norma xeral no IVE, a base estará formada pola totalidade das contraprestacións recibidas pola realización da operación. É importante que na factura sempre se repercuta de forma expresa a cota do imposto; senón entenderase que a contraprestación non incluíu o imposto.

Xa para rematar o epígrafe, comentarase unha das peculiaridades deste imposto e que o fai diferente á maioría. Este feito diferencial é que no IVE non coincide a figura do contribuínte coa do suxeito pasivo. Isto é: quen paga o imposto (contribuínte) non coincide con quen ten que cumprir coas obrigas de liquidalo e ingresalo (suxeito pasivo).

No IVE o contribuínte é o usuario final dos bens; en cambio, quen ten que realizar as obrigas formais - repercutir e ingresar- do imposto é a empresa que os vende.



**TAMÉN  
FORMAN  
PARTE  
DA BASE  
IMPOÑIBLE**

Gastos de comisións, portes, seguros,.... Non se incluírán os intereses polo aprazamento no pago do prezo posteriores á realización das operacións

Subvencións vinculadas directamente ao prezo das operacións suxeitas e que se destinen a financiar actividades empresariais e profesionais

Os tributos e gravames que recaian sobre as operacións, excepto o do propio IVE

Os importes de envases e embalaxes, mesmo os susceptibles de devolución

**NON  
FORMAN  
PARTE  
DA BASE  
IMPOÑIBLE**

As indemnizacións non se inclúen na Base Impoñible salvo que, por exemplo, a compañía aseguradora quede coa mercadoría

Descontos e bonificacións. Non se inclúen a non ser que estes supoñan remuneración doutras operacións. Por exemplo, cando entregas un coche vello a cambio de comprar un novo, o IVE recae sobre o custo total do coche que vas comprar

Suplidos. Cantidades pagadas en nome e por conta do cliente. Exemplo: un avogado que paga en nome e por conta do seu cliente non poderá deducir despois parte do IVE, xa que será o propio cliente quen teña ese dereito

## 3.2 Funcionamento do IVE

*Podó deducir todo o IVE que soporto?  
Que tipo de IVE teño que repercutir?*

Para comprender o funcionamento do IVE débense distinguir dúas clases de IVE:

- **IVE Repercutido:** este é o IVE que os empresarios deben cobrar en concepto do imposto ás persoas ou empresarios que merquen os seus bens ou reciban os seus servizos.
- **IVE Soportado:** este IVE é o que as empresas soportan cando realizan compras para desenvolver a súa actividade empresarial e, sempre que se cumpran uns determinados requisitos, poderán deducilo.

En cada liquidación do IVE o empresario ou empresaria deberá restar do IVE repercutido o IVE soportado, podendo darse dous casos:

- » Que o IVE repercutido sexa maior que o soportado (resultado positivo). Neste caso a diferenza deberá ser ingresada no Tesouro.
- » Que o IVE repercutido sexa menor que o soportado (resultado negativo). Se sucede isto é a Administración quen terá unha débeda con nós. Neste caso pódese optar por pedir a devolución do IVE ou compensar este saldo negativo con liquidacións posteriores do imposto.

40

Por exemplo, se o IVE que se soporta nas nosas compras é de 1.000 € e o que se repercute nas vendas é de 3.000 €, na liquidación correspondente deberase ingresar 2.000 € no Tesouro.

### **3.2.1 Tipos Impositivos**

Cando se repercute o imposto débese facer cun tipo impositivo determinado. En España existen tres tipos impositivos diferentes:

<b>TIPOS IMPOSITIVOS DO IVE</b>	Xeral Reducido Superrreducido
---	-------------------------------------

Esta discriminación de tipos está deseñada para dar un tratamento máis favorable a determinadas operacións. Os tipos máis baixos favorecen operacións con marcado carácter social e que responden a necesidades básicas. A continuación, a modo de exemplo, definiranse algunhas actividades gravadas a cada tipo. Esta información pódese ampliar consultando a lei que regula o imposto (artigo 91).

- **Tipo xeral 16%**

- » A este tipo grávanse todas as operacións que non se graven cos tipos reducidos.

- **Tipo reducido do 7%**

- » Substancias ou produtos que se empreguen para a nutrición humana ou que sirvan para obter produtos deste tipo.
- » Augas aptas para a alimentación humana ou animal.
- » Aparatos e produtos susceptibles de empregarse para suplir deficiencias físicas.
- » Flores e plantas de carácter ornamental.
- » Transportes de viaxeiros e equipaxes.
- » Servizos de hostalaría.
- » Servizos de limpeza de vías públicas, parques e xardíns públicos.
- » Entradas a espectáculos tales como cines, teatros, circos...
- » Servizos funerarios.
- » Asistencia sanitaria e dental.
- » Execucións de obras que teñan por obxecto a construción ou a rehabilitación das mesmas (destinadas principalmente a vivendas).

- **Tipo superreducido do 4%**

- » Alimentos básicos: como pan común, fariñas panificables, leite, ovos...
- » Libros, xornais e revistas que non conteñan fundamentalmente publicidade.
- » Medicamentos para o uso humano.
- » Vehículos para persoas con mobilidade reducida.
- » Próteses e implantes internos para persoas con minusvalía.

Como se comentou antes, para que o IVE soportado sexa deducible débense satisfacer uns determinados requisitos que se enumerarán a continuación:

- As cotas do imposto deben devengarse no territorio de aplicación do IVE español, en operacións suxeitas e non exentas, e nunca se poderán deducir con anterioridade ao devengo.
- Tan só poden deducir o IVE os empresarios ou profesionais.
- Que o IVE sexa soportado na adquisición de bens e servizos empregados na actividade empresarial ou profesional. Aquí débense distinguir :

- » Bens de investimento.

Para poder deducir o IVE soportado na súa compra deberán estar rexistrados na contabilidade. As cotas soportadas serán deducibles na medida que vaia empregarse o ben na actividade. Por exemplo, un inmovible que se destine a vivenda e a despacho profesional, só será deducible polo seu uso como despacho.

Un caso especial é o dos vehículos de transporte que teñan a consideración de turismos, ciclomotores e motocicletas. Neste caso presumirase unha afectación á actividade do 50%; para conseguir o 100% e así poder deducirse o IVE correspondente, haberá que demostrar que se emprega exclusivamente a tal efecto. Aos vehículos industriais supónselles unha afectación do 100%.

- » Bens que non son de investimento e servizos.

Para poder deducir o IVE destes conceptos os bens ou servizos *deben empregarse soamente na actividade empresarial*. Neste sentido, se se emprega un ben ou servizo para uso empresarial e particular, ou se o ben non esta recollido na contabilidade, **de ningún xeito** poderase deducir o IVE que se soporta na adquisición.

### **3.2.2 Deducción do IVE**

Con referencia á deducibilidade do IVE soportado en actividades que están exentas, existen dúas posibilidades:

- Que a exención sexa plena. Estas exencións son as que afectan á exportación de bens e ás entregas a outros Estados membros, e permiten, aínda que non se repercute o imposto pola exención, deducir o IVE que se soporta nas compra necesarias para a actividade.
- Que a exención non sexa plena<sup>8</sup>. Se sucede isto, non se dá o dereito a deducirse o IVE das compras.

Pode darse o caso de que o suxeito pasivo realice ao mesmo tempo operacións con dereito a deducir o IVE soportado e operacións sen dereito a facelo. Cando isto sucede débese aplicar a regra da prorata para saber a porcentaxe do IVE soportado que se pode deducir. A fórmula para obter esta porcentaxe é a seguinte:

$$\text{Porcentaxe de deducción} = \frac{\text{Operacións con dereito a deducir}}{\text{Total de operacións}} \times 100$$

Para o cálculo da porcentaxe non se computarán:


43

- As operacións realizadas desde establecementos permanentes situados fóra do territorio español, sempre e cando os custos non afecten a establecementos que están no territorio español.
- As cotas do IVE que gravasen as operacións realizadas polo empresario.
- As entregas de bens de investimento.
- As operacións non suxeitas ao imposto<sup>9</sup>.

<sup>8</sup> Estas exencións non plenas son as que se recollen no artigo 20 e seguintes da lei.

<sup>9</sup> Estas operacións recóllense no artigo 7 da Lei reguladora do IVE

Para calcular o IVE soportado deducible seguiranse os seguintes pasos:



A continuación expónse un exemplo sinxelo do cálculo da porcentaxe da prorata

Supóñase unha empresa que se dedica ao aluguer de vivendas (actividade con exención non plena) e locais de negocio (actividade suxeita). As operacións foron as seguintes:

ANO / ACTIVIDADE	ALUGUER VIVENDAS	ALUGUER LOCAIS
2007	12.000	32.000
2008	20.000	25.000

O IVE soportado en 2008 polos gastos das operacións foi de 1.280 € nos tres primeiros trimestres, e de 160 € no cuarto. Calcular e regularizar o IVE.

- 1) Cálculo da porcentaxe de prorata provisional para o ano 2008

$$\% = \frac{\text{Operacións con dereito a deducir}}{\text{Total de operacións}} \times 100 = \frac{32.000}{44.000} \times 100 = 73\%$$

- 2) Cálculase o IVE que se pode deducir do IVE soportado nos primeiros tres trimestres do 2008.

$$1.280 \times 73\% = 934,40\text{€}$$

- 3) No cuarto trimestre, cando se coñeza o volume de operacións, calcularase a prorata definitiva.

$$\% = \frac{\text{Operacións con dereito a deducir}}{\text{Total de operacións}} \times 100 = \frac{25.000}{45.000} \times 100 = 56\%$$

45

- 4) Aplícase a prorata ao IVE do 4º trimestre.

$$160 \times 56\% = 89,60\text{€}$$

- 5) Realízase a regularización

Deducción realizada  $1.280 \times 73\% = 934,40\text{€}$

Deducción correcta  $1.280 \times 56\% = 716,80\text{€}$

Exceso deducción 217,60€

Como se pode comprobar deducímonos de máis durante o ano 2008, polo que no cuarto trimestre débese realizar a regularización e, en vez de deducir 89,60 €, que sería o correspondente ao trimestre, débese ingresar 128 € (217,60 - 89,60).

### 3.3 Réximes Especiais do IVE

#### *Que son os réximes especiais do IVE?*

Para facilitar o cumprimento das obrigas tributarias en materia do IVE, creáronse os réximes especiais. Estes caracterízanse por unha redución dos requisitos á hora de liquidar o imposto, cousa que facilita, en gran medida, este labor ás empresas pequenas ou ás que realizan certas actividades económicas . Os réximes especiais que existen son:

- Réxime simplificado.
- Réxime da agricultura, gandería e pesca.
- Réxime especial dos bens usados, obxectos de arte e obxectos de colección.
- Réxime especial do ouro de Investimento.
- Réxime especial do recargo de equivalencia.
- Réxime especial do servizo prestado por vía electrónica.
- Réxime especial do grupo de entidades.

Os réximes especiais máis importantes desde a óptica do empresariado autónomo, e porén a definir neste manual, son:

46





### 3.3.1 Réxime Simplificado

Tal e como se comentou con anterioridade, este réxime vai ligado ao método de estimación obxectiva do IRPF, polo que a renuncia a un supón a exclusión automática do outro.


Este réxime vai destinado ás persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que a súa actividade estea recollida na Orde Ministerial EHA/804/2007
- Que non superen os 450.000 € para o conxunto das súas actividades (300.000 para as actividades agrícolas e gandeiras).

Este réxime ten carácter voluntario pero a súa aplicación é automática; é dicir, todo aquel que cumpra os requisitos deberá liquidar o Imposto por este método, salvo que renuncie a facelo.

A liquidación do imposto neste réxime resultará da diferenza entre as cotas devengadas e suportadas por operacións correntes, cun mínimo que será determinado polos índices contidos nos módulos para cada ano. Unha vez obtida por esta diferenza a cota derivada do Réxime Simplificado, para chegar ao valor de liquidación debemos sumar as cotas devengadas por operacións contidas no artigo 123 da Lei do IVE e restar as cotas pola adquisición de activos fixos, os pagos a conta es as posibles compensacións. O proceso pode verse dun xeito secuencial no seguinte gráfico.

47





### **3.3.2 Réxime especial do recargo de equivalencia**

O réxime do recargo de equivalencia será aplicable a comerciantes polo miúdo. Os que tributen por este réxime non están obrigados a liquidar o imposto, aínda que deben de repercutilo aos seus clientes, e soportarán nas compras que realicen aos seus provedores, ademais do IVE correspondente, un recargo cuxa contía irá en función do tipo de IVE que soporten nas súas compras. As porcentaxes son as seguintes:

<b>IVE</b>	<b>RECARGO</b>
16%	4%
7%	1%
4%	0,5%

- Os Aprovevisionamentos de tabaco teñen un recargo do 1,75%

### **3.3.3 Réxime especial da agricultura, gandería e pesca**

Este réxime está deseñado para os titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou pesqueiras. A súa característica principal é que non teñen que repercutir nin ingresar o imposto.

49

Os titulares de explotación si deberán liquidar o IVE cando:

- Importen bens.
- Realicen adquisición intracomunitarias.

Como neste réxime os titulares das explotacións non teñen que repercutir o imposto tampouco poden deducir o IVE que soportan. Por este feito teñen dereito a unha compensación cando venden o seus produtos ou prestan servizos. Esta compensación é unha porcentaxe sobre o prezo de venda que será, pola súa parte, deducible polo empresario que compra os bens. A contía dos incrementos será:

- 9% para actividades agrícolas e forestais.
- 7,5% para actividades gandeiras e pesqueiras.

Ao igual que o réxime simplificado, este réxime tamén ten carácter voluntario, aplicación automática e pódese renunciar a súa aplicación.

## 3.4 Obrigas formais do IVE

*Cal é o prazo para presentar a declaración informativa?*

*En que suposto debo presentar a declaración de operacións intracomunitarias?*

Neste epígrafe recolleranse as principais obrigas formais ás que están sometidos os suxeitos pasivos do Imposto sobre o Valor Engadido. Estas obrigas deben ser cumpridas en tempo e forma, xa que de non facelo pódese incorrer nunha sanción.

### **Obrigación de realizar as liquidacións-declaracións do imposto e ingresar o importe**

Os obrigados a liquidar o imposto, deben presentar catro declaracións trimestrais; as tres primeiras deberanse presentar entre os días 1 e 20 dos meses de abril, xullo e outubro, e a cuarta no mes de xaneiro do ano seguinte. Pola contra, as grandes empresas deberán realizar a liquidación mensualmente.

### **Declaración Informativa**

50

No Imposto Sobre o Valor Engadido existe a obriga de realizar unha declaración informativa cada ano. Nesta declaración reflectiranse as operacións realizadas ao longo do ano. Están obrigados a realizar esta declaración todos os suxeitos pasivos obrigados a liquidar o Imposto. Cómpre lembrar neste punto que, como se reflectiu en epígrafes anteriores, existen réximes especiais que non están obrigados a liquidar o IVE.

O prazo de presentación desta declaración é todo o mes de xaneiro do ano seguinte ao requirido e deberase presentar xunto a ela a última declaración liquidación do IVE do exercicio.

### **Declaración de operacións intracomunitarias**

Estará obrigado a realizar esta declaración todo empresario ou empresaria que no ano realizara operacións intracomunitarias. Esta declaración tan só debe recoller a adquisición ou entrega de bens en cada trimestre natural, nunca a prestación de servizos.

A presentación da declaración debe facerse os vinte primeiros días do mes seguinte correspondente ao período trimestral obxecto da declaración.

## Obrigación de presentar a declaración censual

A Axencia Tributaria dispón dun censo de empresarios/as, profesionais e retedores no cal estarán obrigados a presentar a declaración censual as persoas e entidades que teñan a consideración de empresarios ou profesionais. Nesta declaración debe figurar, entre outras cousas, cando se produce o inicio da actividade, o NIF e domicilio fiscal, a renuncia aos réximes especiais...

Tamén é necesario presentar declaracións de modificación, cando varíe algún dos datos recollidos na declaración de alta, e unha declaración censual de baixa cando cese a actividade.

## Obriga de facturar

Os empresarios/as e profesionais cando prestan os seus servizos teñen a obriga de expedir unha factura así como de conservar unha copia da mesma. Nos seguintes supostos a expedición de factura é obrigatoria:

- Cando o destinatario sexa unha/un empresaria/o ou profesional
- Cando o destinatario o esixa para o exercicio de calquera dereito de natureza tributaria
- Exportacións de bens exentas de IVE
- Entregas intracomunitarias exentas do IVE
- Cando o destinatario sexa a Administración Pública

51

Non se debe esquecer que sen unha factura correctamente elaborada, como elemento xustificativo, non se pode deducir o IVE que se soporta. Para que unha factura sexa válida debe recoller como mínimo:

- Número. As facturas deben estar numeradas e seguir unha orde.
- Data na que se emite a factura.
- Nome e apelidos ou a denominación de quen a emite e de quen a recibe. Tense que reflectir quen é o que vende o ben ou servizo e quen o merca.
- NIF (número de identificación fiscal) do que emite a factura.
- Domicilio do expedidor e do destinatario (só se a emite unha sociedade mercantil)
- Descrición das operacións. Débense incluír todos os datos necesarios acerca da venda, de tal xeito que se poida identificar o tipo do IVE (16% 7% ou 4% ) que corresponde aplicar. Dentro desta descrición débese poñer sempre o prezo do produto.
- A contía á que ascenda o IVE, que debe figurar por separado.

Nalgunhas actividades, se o importe das operacións non excede os 3.000 €, pódense substituír as facturas por recibos. Algunhas destas actividades son :

- Vendas polo miúdo. Cando se fala de vendas polo miúdo facémolo referíndonos a unha venda onde o destinatario é o usuario final dos bens. Por exemplo as vendas dun supermercado.
- Vendas ou servizos a domicilio do consumidor ou consumidora.
- Transporte de persoas e equipaxes (autobús urbano).
- Servizos de hostalaría (bares, restaurantes...).
- Autoestradas de peaxe.

Como é de supoñer, nos recibos a cantidade de información que aparece é moito menor, pero deberán ter sempre:

- Número.
- Número de identificación fiscal, así como o nome, apelidos ou denominación de quen o emite.
- Tipo do IVE aplicado ou no seu defecto a expresión "IVE incluído".
- A contía total á que ascende a venda ou o servizo prestado.

### 3.5 Exemplo do cálculo do IVE no Réxime Simplificado

#### SUPOSTO:

Xoán rexenta unha cafetaría (epígrafe 672.1) desde o ano 2003. Ten o local arrendado e paga 760 € máis 121,60 de IVE, está acollido á modalidade simplificada do IVE e, na súa actividade, conta cos seguintes elementos:

- Potencia Eléctrica: 20KW
- Mesas: 5 mesas para 4 persoas
- Máquinas: 2 máquinas tipo B

Ademais de traballar el no negocio, conta con dous traballadores a tempo completo, un traballador de 18 anos que traballou 900 h, e dous traballadores que traballaron 720 horas cada un.

No ano anterior eran dous traballadores a xornada completa e máis el.

## OUTROS DATOS A TER EN CONTA:

Este ano adquiriu un forno por 450 € e repuxo mobiliario por valor de 2.000 €

Comprou panos e demais material en Portugal por 2.500 €

Ao finalizar o ano o importe total do IVE soportado en Operacións Correntes ascendeu a 9.330 €

Epígrafe 672.1

MÓDULO	DEFINICIÓN	UNIDADE	COTA
1	Persoal empregado	persoa	1.675,43
2	Potencia eléctrica	KW contratado	88,18
3	Mesas	Mesa	50,39
4	Máquinas tipo A	Máquina tipo A	157,46
5	Máquinas tipo B	Máquina tipo B	592,07
6	Comisións por loterías	Euro	0,16

\*Cota mínima por operacións correntes 13% da cota devengada por operacións correntes

## CALCULAR:

Os pagos a conta dos tres primeiros trimestres para este ano.

Determinar a cota anual da actividade.

Determinar o resultado da declaración liquidación final do cuarto trimestre.

53

## RESOLUCIÓN

### » Pagos a conta

Cada período de liquidación deberemos ingresar unha cantidade no Tesouro en concepto do IVE. A contía deste ingreso a conta será unha porcentaxe da cota devengada por operacións correntes<sup>10</sup> do ano anterior. A citada porcentaxe variará en función da actividade realizada, e será a establecida na Orde Ministerial relativa ao exercicio en que se realiza o pago fraccionado

<sup>10</sup> A cota devengada por operación correntes será o resultado de aplicar os módulos da orde ministerial sobre os parámetros da empresa.

MÓDULO	Nº UNIDADES	COTA	RESULTADO
Persoal empregado	3	1.675,43	5.026,29
Potencia eléctrica	20	88,18	1.763,60
Mesas	5	50,39	251,95
Máquinas tipo B	2	592,07	1.184,14
<b>TOTAL</b>			<b>8,225,98</b>

Para esta actividade, a porcentaxe recollida na Orde Ministerial é do 4%

Polo tanto os pagos a conta deste ano serán  $4\% \times 8.225,98 = 329,04 \text{ €}$  a ingresar en cada trimestre.

Aínda que o I.V.E soportado por operacións correntes unicamente será deducible na declaración-liquidación anual do cuarto trimestre, o I.V.E. soportado na adquisición de activos fixos pode deducirse no mesmo período en que se adquiriu. Para este suposto suporemos que opta por deducilos no cuarto trimestre.

#### » Cota anual da actividade

Para o cálculo da cota débese ter en conta que un traballador, para que compute unha unidade, deberá traballar 1800 horas, de non facelo computará a parte traballada. Por outra parte os traballadores menores de 19 anos só computan o 60%. Deste xeito para este ano no negocio de Xoán as unidades do módulo persoal empregado serían:

- Traballadores a xornada completa= 3
- Traballadores menores de 18 anos =  $60\% (900/1800) = 0,3$
- Resto de traballadores =  $2 \times (720/1800) = 0,80$
- Total= 4,10

Deste xeito o cálculo da cota será:



MÓDULO	Nº UNIDADES	COTA	RESULTADO
Persoal empregado	4.10	1.675,43	6.869,26
Potencia eléctrica	20	88,18	1.763,60
Mesas	5	50,39	251,95
Máquinas tipo B	2	592,07	1.184,14
<b>TOTAL</b>			<b>10,068,95</b>

A cota será a maior das seguintes

1. Cota derivada do cálculo (cota devengada – cota soportada - 1% de difícil xustificación)  
 $10,068,95 - 9.430,69 - 100,69 = 638,26$
2. Cota mínima recollida no epígrafe  
 $13 \% \times 10.068,95 = 1.308,96$

**A cota derivada de operacións correntes será 1.308,96**

Cota anual

<b>COTA DERIVADA DO RÉXIME SIMPLIFICADO</b>	<b>1.308,96€</b>
Cota devengada de Adquisicións intracomunitarias (2500 x16%)	(+)400,00
IVE deducible	(-) 392,00
<b>Cota Anual (€)</b>	<b>1.316,96</b>

55

» Liquidación do cuarto trimestre


<b>COTA ANUAL</b>	<b>1.316,96 €</b>
Pagos a conta efectuados	(-) 987,12
<b>Resultado</b>	<b>329,84</b>

No cuarto trimestre, deberemos ingresar 329,84 €, é dicir, a diferenza entre o que temos que ingresar (cota anual) e o que xa ingresamos (pagos a conta). Se o resultado fose negativo poderíamos esixir a devolución.



## **4. O Imposto**

### **sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITPAXD)**





## 4.

# O Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITPAXD)

*Cando afecta este imposto ao empresariado autónomo?*

Aínda que este imposto non afecta ao empresariado autónomo no inicio nin no desenvolvemento da súa actividade, se se considera o paso cara a unha sociedade mercantil, terase que facer fronte a este imposto na súa constitución, polo que se comentarán neste apartado os aspectos máis representativos desta figura impositiva.

Este imposto agrupa tres figuras distintas:

- Imposto sobre Transmisións Patrimoniais Onerosas. Grava a transmisión de elementos patrimoniais que integren o patrimonio das persoas físicas ou xurídicas. O tipo de gravame aplicable a estas operacións dependerá da normativa de cada Comunidade Autónoma en relación a cada transmisión ( de bens, dereitos reais, etc.)
- Imposto sobre Operacións Societarias. Grava os actos de financiamento da empresa como as achegas que se fan a unha sociedade e mesmo a disolución da mesma. Estas operacións gravaranse co 1%
- Imposto sobre Actos Xurídicos Documentados. Grava documentos notariais, mercantís e administrativos. Teñen un tipo de gravame do 1%.

59

Con referencia a este imposto é importante ter en conta que determinadas forma xurídicos, como cooperativas ou sociedades laborais, gozan de exencións e bonificacións.



## **5. O Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)**





## 5. O Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)

*O colectivo de autónomos ten que aboar o IAE?*

O imposto sobre actividades económicas grava o exercicio dunha actividade económica. A efecto deste imposto, as actividades agrícolas, pesqueiras, forestais e gandeiras, non teñen consideración de actividade económica.

Os empresarios individuais non deberán aboar este imposto xa que as persoas físicas están exentas; pese a esta exención é obrigatorio darse de alta no epígrafe ou epígrafes correspondente do IAE segundo a actividade que se vaia realizar. Isto deberá facerse antes do inicio da actividade na delegación de Facenda ou no concello da súa localidade, dependendo de se o concello ten cedidas, ou non, as competencias nesta materia.



## 6. Calendario fiscal





# 6.

## Calendario fiscal

É importante cumprir en forma e prazo as obrigas impositivas e de Seguridade Social; do contrario o atraso ou os erros de forma poderían desembocar nunha sanción.

A continuación recóllense as obrigas máis importantes en materia tributaria. Pódese ver o calendario completo na páxina web da Axencia Tributaria (<http://www.aeat.es>)

Xaneiro							Febreiro							Marzo							Abril												
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D						
			1	2	3	4							1												1				1	2	3	4	5
5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	2	3	4	5	6	7	8	6	7	8	9	10	11	12						
12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	9	10	11	12	13	14	15	13	14	15	16	17	18	19						
19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	16	17	18	19	20	21	22	20	21	22	23	24	25	26						
26	27	28	29	30	31	23	24	25	26	27	28	23	24	25	26	27	28	29	27	28	29	30											
													30	31																			

Maio							Xuño							Xullo							Agosto						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7				1	2	3	4	5					1	2
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23
25	26	27	28	29	30	31	29	30	31	27	28	29	30	31	24	25	26	27	28	29	30						

Septembro							Outubro							Novembro							Decembro											
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D					
			1	2	3	4	5	6				1	2	3	4								1				1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8	7	8	9	10	11	12	13					
14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15	14	15	16	17	18	19	20					
21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22	21	22	23	24	25	26	27					
28	29	30	31	26	27	28	29	30	31	23	24	25	26	27	28	29	28	29	30	31												
													30																			

- Fiscalidade IVE
- Fiscalidade IRPF
- Fiscalidade IRPF e IVE

DATA	IVE	IRPF
20 Xaneiro		Retencións e ingresos a conta
30 Xaneiro	Declaración final/ Resumo anual	Pagos fraccionados
31 Marzo		Declaración de operacións con terceiros
20 Abril	Liquidación 1º trimestre	Retencións, ingresos a conta e pagos fraccionados
4 Maio		Comeza o período de declaración do IRPF
30 Xuño		Finaliza o período de declaración do IRPF
20 Xullo	Liquidación 2º trimestre	Retencións e ingresos a conta e pagos fraccionados
20 Outubro	Liquidación 3º trimestre	Retencións e ingresos a conta e pagos fraccionados

Como apuntamento final a este apartado, debemos dicir que as cotas á Seguridade Social débense aboar no mes correspondente tendo de prazo ate o último día hábil. De non realizar o pago en prazo haberá que pagar os intereses de demora e recargo que correspondan.